



Concello de
OURENSE

RÉXIME DE UTILIZACIÓN DO LOGOTIPO DO CONCELLO DE OURENSE-CENTENARIO DA REVISTA NÓS

Co gallo da celebración dos actos de homenaxe á Revista Nós que o Concello de Ourense ten previsto organizar durante os vindeiros meses, o Concello de Ourense incorporará ás súas comunicacións o logotipo deseñado pola Concellería de Cultura para esta conmemoración.

Para este fin, utilizarase a composición achegada pola Concellería de Cultura, que integra o logotipo oficial do Concello e o novo logotipo conmemorativo da celebración, que se pon á disposición da totalidade dos servizos municipais.



Concello de
OURENSE



Este logotipo, neste único formato para todas as concellerías (composición do logo principal do Concello en formato vertical máis o conmemorativo) utilizarase en todas as comunicacións que realice o Concello, ocupando o espazo que habitualmente ocupa o logotipo do Concello, en:

- Saúdas
- Invitacións
- Páxina web
- Sinaturas de correo electrónico
- Notas de prensa
- Anuncios de publicidade en prensa escrita,
- Anuncios de publicidade en medios dixitais
- Cartelería e mupis
- Outras publicacións publicitarias (folletos e similares)

Nas composicións publicitarias (para prensa escrita, medios dixitais, cartelería e mupis e outras) o logo ocupará entre un 65% e un 70% da anchura do deseño.

Este anexo, ao igual que o Manual de Identidade Corporativa ao que se incorpora, é de obrigado cumprimento para a totalidade do persoal que traballa no Concello, así como para terceiros vinculados á institución municipal (axencias de publicidade, medios de comunicación, empresas concesionarias e adjudicatarias) e outros entes externos que realicen traballos ou servizos para a Administración Local.

Para facilitar a utilización deste novo logotipo, porase á disposición de todo o persoal municipal e estará dispoñible en formato PDF e JPG na páxina web do Concello como anexo ao Manual de Identidade Corporativa publicado na web municipal, dentro da sección Identidade Corporativa.

Será o Gabinete de Comunicación do Concello o responsable da asesoría da imaxe, así como de atopar solucións particulares para aquelas situacións que o requiran.

A utilización deste novo logotipo finalizará cando rematen as actividades programadas para esta celebración.

